

Manuel Lueiro Rey, unha paixón silenciada

Modesto Hermida

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

HERMIDA, MODESTO (2011 [1991]). “Manuel Lueiro Rey, unha paixón silenciada”. *Dorna*: 17, 89-92. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/633>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

HERMIDA, MODESTO (1991). “Manuel Lueiro Rey, unha paixón silenciada”. *Dorna*: 17, 89-92.

* Edición dispoñíbel desde o 18 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

MANUEL LUEIRO REY, UNHA PAIXÓN SILENCIADA

Modesto Hermida García

A paixón de Manuel Lueiro Rey polas empresas máis utópicas, a súa solidariedade cos gladiadores de tódalas causas perdidas, a súa romántica condición de loitador sen soldada, son cualidades comprobables nunha conducta de vida entregada ó radicalismo cívico, entregada tamén á máis marxinal e marxinalizada ideoloxía no ámbito social no que lle tocou organiza-la súa resistencia. Dende este apaixoamento e sempre a prol do mesmo, xorde a paixón pola letra impresa, pola columna xornalística onde todo anonimato se inmola ó firme e irrenunciable compromiso. Nunca Manuel Lueiro Rey negou a súa acesa voz, sempre disonante, de dar co medio adecuado: páxinas de diarios, revistas especializadas, ou emisoras onde o combate continuaba como chamada á rebelión, como conciencia aínda viva de todo aquilo que fora aplastado polas armas.

Pero Manuel Lueiro Rey era fundamentalmente, sen merma de calquera outro rasgo definitorio, unha apaixoadada vocación de escritor: necesidade estética, medio liberador da tortura creativa, proxección do tormento de ser unha personalidade posuída polo canto e pola estrela.

Con todo, hai pouco máis de sete anos, concretamente en maio de 1983, cando saía a colección de relatos *O sol na crista do galo*, aínda era necesario informar da personalidade creadora de Manuel Lueiro Rey para contextualizar adecuadamente aquel libro que acababa de aparecer ⁽¹⁾. Tan era necesario que, se se prescindía dos pequenos comentarios a algún dos seus libros, o nome do escritor apenas aparecía en letra impresa; por aquelas datas ningún manual ou revista especializada se tiñan feito eco da súa existencia. Foi no ano 1984 cando X. Luis Méndez Ferrín o inclúe no volumen *De Pondal a Novoneyra* ⁽²⁾ e —consideración a parte para a *Gran Enciclopedia Gallega*— será no ano que andamos cando aparece incluído no *Diccionario de escritores en lingua galega* ⁽³⁾.

Aínda hoxe, malia ter merecido a atención de certos reseñadores e ensaístas da literatura, o noso escritor segue a ser un esquecido para moitos e, para non poucos interesados na República das Letras, un auténtico descoñecido. É o caso que, pese ós abondosos premios alcanzados pola súa obra en castelán —considérense, entre outros, o “Cidade de Oviedo” e mailo

“Certamen internacional de Valladolid”— e o recoñecemento en América, Manuel Lueiro Rey non alcanzou unha gran fortuna nas letras españolas. En Galicia e en galego, despois de ter producido unha considerable obra, sempre andou á marxe dos ben limitados aparellos de divulgación das nosas letras.


Razóns deste silenciamento pode habelas. Para a ocasión, retomamos aquelas que tiñamos en consideración en maio de 1983: tardía chegada á escrita en galego e difícil inclusión en grupos máis ou menos xeracionais. Sen embargo, a estas alturas, xa consideramos necesario incluír algunha senrazón coa que de vello vimos matinando: a condición de escritor bilingüe, condición nunca ben disculpada polo galeguismo militante, e maila súa maravillosa radicalidade cívica, incluso naqueles ámbitos ideolóxicos que lle foron propios ó escritor e que non son outros que os inspirados no internacionalismo proletario. Para escritores de aparente semellanza extraliteraria ós que correspondeu mellor fortuna, sen entrar en consideración cualitativas, contaríamos con elementos abondo que explicasen a diversa circunstancia.

En todo caso, o que agora nos ocupa é a personalidade e a obra de Lueiro, obra e personalidade que en todo concordan para exemplificarnos o que é a autenticidade, o que é a fermosa paixón de vivir con coherencia.

En 1969 saía *Un tempo de sol a sol*, primeiro libro en galego—escritor e cidadán xa plenamente definidos— no que o poeta se acordaba da triste condición dos nenos alugados como cans para gardar facenda. O autor, que estaba a evocar a súa difícil infancia, non cae no laio inútil da autocompaixón nin na anecdotía referida a uns nenos para os que os camiños imposibles do ceo eran, serra arriba, os montaraces camiños dos Ancares. O poeta universaliza a inxustia dende a inxusta condición duns meniños galegos que sofren, nun momento concreto, tódalas miserias xeradas pola dura condición humana.

Xa en 1974 nacíaa primeira colección de relatos. *Non debían medrar*, e de novo se intúe a provocación dende a infancia, de novo o protagonismo é dos nenos. Pero as diversas pombas que sempre veñen a determina-lo desenlace do relato, sen faltaren na colección ás pombas da Virxe de Fátima, ademais de seren un orixinal recurso para a coherencia estrutural, están todas elas, na intencionalidade do autor, ó servizo dun símbolo universal e humanitario, a paz, porque o libro está adicado “... a unha das pombas que máis siñifica para o home: a pomba de Picasso”.

E chega a ocasión de reuni-las feridas cauterizadas en poe-



Lueiro con Rafael Alberti e Santiago Álvarez nun homenaxe a Luís Seoane celebrado no Grove, 1980

mas, chega a escolma do sufrimento na entrega apaixonada de 1977, é *Escolma ferida* de boa parte dos masacrados. A circunstancia dun país amordazado, dun país no que semella imposible a esperanza, a propia e particular maneira de sufri-los despropósitos, son parte importante dun libro que ten algo de catar-se e moito de rebelión.

Pero, unha vez máis, Lueiro non se amilana na contrariedade nin deixa sitio para a propia compaixón. De novo, a solidariedade cos nenos, a solidariedade internacional, neste caso a prol de Chile. De novo, a admiración activa por tódolos inxenuos do mundo, que agora se personalizan no Che Guevara, en Víctor Jara, nos loitadores e inmolados chilenos que padeceran e estaban a sufrir a bárbara dictadura de Pinochet.

O retorno á narrativa dáse en 1982 cando o sol era *O sol na crista do galo*, ese conxunto de relatos, agora si, externos ó autor malia que os interiorice, nos que se utilizan ben diversas técnicas narrativas para en todos eles conseguí-la mesma aproximación afectiva que os subxectiviza, que lles confire esa dimensión lírica dende a tenrura con que son tratados, dende os recursos lingüísticos máis apropiados para tales obxectivos.

E xa por último, volta Manuel Lueiro Rey á ferida porque a ferida persiste, porque as circunstancias magoantes non desaparecen. É o ano 1988 cando se publica este feixe de poemas onde a amargura parte dun presente tan diverso do vello soño que todo semella, outra volta, dor, desasosego. Sen embargo, esta *Nova escolma ferida*, de maneira distinta ó que

acontecía na primeira escolma, proxéctase máis cara o pasado, cara á nostalxia, que cara ó futuro. Agora non faltan as ocasións nas que se intúe que o poeta bota en falta a noite triste na que tivo lugar o soño. Mais non existe saudade da noite mesma senón saudade do soño, da recuperación do soño porque, se dura é a noite, máis dura resulta a realidade presente como caricatura da ilusión pasada. O que non falta neste libro —non falta nunca en Lueiro Rey— é a solidariedade de sempre, a admiración polos mesmos de sempre, a carraxe contra as inxusticias de sempre: Agora é o canto esperanzado a Nicaragua, a lembranza luminosa de Alexandre Boveda, a presenza do desaparecido Lorenzo Varela, aquel xeneroso home de versos co que xa se nos fora unha parte de Lueiro, cando Lorenzo Varela foise matando de noxo.

Agora que Manuel Lueiro Rey acudiu ó encontro de Lorenzo Varela e Luís Seoane —ilustrador de moitas das súas obras—, agora que nalgún dos paradisos reservados ós bos e xenerosos da historia estarán os tres inventando revolucións e literaturas, arte e solidariedades, ética e estéticas apropiadas, nós, aquí entre as nosas feridas sen escolmar, contamos coa obra literaria e co testimonio que Manuel Lueiro Rey nos deixou en herdo para sempre.

NOTAS

- (1) *O sol na crista do Galo*, narracións de M. Lueiro Rey, Modesto Hermida *Faro de Vigo*, 13-5-1983.
- (2) Vigo, Edicións Xerais, 1984.
- (3) Francisco Fernández del Riego, Edicións do Castro, Sada A Coruña, 1990.